

**¡ABONDA XA DE REPRESIÓN POLICIAL CONTRA A MOCIDADE!
¡ABONDA XA DE REPRESIÓN POLICIAL CONTRA OS INMIGRANTES!**



¡NATIVA OU ESTRANXEIRA, A MESMA CLASE OBREIRA!

Sindicato de Estudantes

O Secretario Xeral do Sindicato de Estudantes detido e acusado de atentado á autoridade por defender a unha inmigrante que estaba sendo golpeada brutalmente pola policía.

Nos últimos anos converteuse en habitual ver nos nosos barrios un acoso cada vez máis sistemático contra os inmigrantes por parte da policía. O pasado 3 de outubro produciuse un novo episodio no barrio madrileño de Carabanchel. Un grupo de policías emprendérona a golpes contra unha familia de traballadores e mozos ecuatorianos que se dispuñan a entrar en casa. O seu delito, ser de orixe latina. Ante a actitude arbitraria e vexatoria da que estaban sendo vítimas, a familia tratou de acougar aos axentes pedíndolles que deixasen de pegar a unha das mulleres. A resposta a estas demandas foi a detención de todos os que alí se atopaban.

Foron os berros de auxilio dunha das agredidas, os que fixeron que varios veciños se achegasen para socorrelas. Un destes veciños foi Tohil Delgado, Secretario Xeral do Sindicato de Estudantes. Ao comezar a grabar coa cámara do móbil o que estaba suc-

dendo, coa intención de que parasen os golpes contra a moza, outro policía detívoo tamén a el. Sen dúbida os trazos latinos do noso compañeiro foron os que determinaron a súa detención. Confundírono cun inmigrante máis, e polo tanto tratárono do mesmo xeito.

Durante a detención, e tamén dentro da comisaría, o noso compañeiro foi ameazado de morte,

golpeado e intimidado. Ademais disto, puido ser testemuña dos insultos racistas que nos calabozos se proferían unha e outra vez contra os inmigrantes por un sector dos policías. A partir de aquí os sete detidos estiveron durante 39 horas retidos en diferentes calabozos de varias comisarías. E tras declarar ante os xulgados foron postos en liberdade pero acusados de ¡¡agresión á autoridade!!

Dende o Sindicato de Estudantes esiximos a inmediata retirada dos cargos contra o noso compañeiro e o resto dos detidos e denunciámos a situación de persecución e represión policial que sofre a mocidade e os traballadores inmigrantes. Por iso imos lanzar unha campaña de resolucións á delegación de goberno denunciando esta situación. É moi importante que participemos o maior número de compañeiros para deixar claro que estamos en contra deste tipo de actuacións. A represión cada vez maior cara aos inmigrantes non se explica tan só pola existencia de elementos racistas dentro da policía que campan ás súas anchas. É parte dunha campaña de criminalización máis ampla que persegue enfrontar a mozos e traballadores nativos con inmigrantes, facendo uso da cor da pel, a nacionalidade ou as crenzas relixiosas para crear divisións das que só se benefician os empresarios, a dereita e a policía.

**Contra a criminalización da mocidade e os inmigrantes.
A loita contra o racismo é tamén a loita por un futuro digno para todos**

Os mozos fillos de traballadores somos unha das principais vítimas da sociedade capitalista.



Somos os máis golpeados polo paro, os que traballamos sen practicamente dereitos, con xornadas interminables e salarios de miseria e os que estudamos en centros de estudo cada vez máis degradados e masificados, onde ademais a represión e a falta de dereitos son unha lousa cada vez máis asfixiante.

Para os capitalistas, que están obtendo suculentos beneficios explotando aos traballadores en xeral e aos mozos en particular, é fundamental manter esta situación indefinidamente. Para iso intentan ocultar esta realidade trasladando a través dos medios de comunicación, dos que son donos, unha imaxe falsa da mocidade, á vez que introducen o veneno da división racial. Todo iso co obxectivo de evitar que os mozos e os traballadores, independentemente da nosa orixe, nos unamos para loitar por unhas condicións de traballo ou de estudos dignas e un futuro mellor.

A loita contra o racismo é tamén a loita polos nosos dereitos na que todos os mozos temos que tomar parte. Ecuatorianos, portugueses, marroquí, romaneses..., todos os mozos das diferentes nacionalidades que convivimos nos nosos barrios, temos que organizarnos para acabar con esta situación.

Por iso, dende o Sindicato de Estudantes facemos un chamamento a todos os mozos inmigrantes a afiliarse e participar na nosa organización. Para loitar, toda a mocidade unida, contra a escuela do racismo, a criminalización da mocidade e os inmigrantes e por un futuro digno para todos.

Fronte á represión ¡Organización e loita!

Os mozos, inmigrantes ou non, necesitamos organizarnos para loitar contra a represión cada vez máis sistemática que se exerce contra nós nos centros de estudos, no posto de traballo ou nas rúas dos nosos barrios.

Debemos esixir que onde vivimos, os barrios obreiros, invístase o necesario para dotalos das infraestruturas necesarias para garantir unhas condicións de vida dignas para todos. Hai que acabar coa carencia de instalacións deportivas, culturais, de espazos verdes, de centros de saúde.

Esiximos centros de estudo en boas condicións, coas dotacións materiais e humanas necesarias para iso e que permitan que aqueles que teñen

máis dificultades poidan recibir o apoio que precisan para superalas.

Reivindicamos un posto de traballo digno ao rematar os estudos, ou un subsidio de desemprego indefinido ata atopalo. Non queremos seguir sendo explotados por empresarios sen escrúpulos.

E que non nos digan que non hai cartos. Todos coñecemos que o Goberno regaloulles miles de millóns de euros aos banqueiros e aos grandes empresarios. Xa está ben de gobernar para os ricos, esiximos que o Goberno do PSOE o faga para os millóns de traballadores que lle deron a maioría.

Estas son as necesidades que temos mozos e traballadores, non a represión contra os inmigrantes, as redadas policiais ou a criminalización da mocidade. A quen si habería que aplicar todo o peso da lei é aos máis poderosos, aos grandes multimillonarios que pechan empresas despedindo a miles de traballadores sen despeitarse, só para especular e facerse aínda máis ricos; aos que pagan menos ás mulleres, mozos e inmigrantes para acumular beneficios e intentan crear división e confusión entre nós para perpetuar os seus privilexios; aos que especulan coa vivenda, a sanidade e a educación. Eses son os verdadeiros inimigos da sociedade. É a eles a quen deberían perseguir, xulgar e condenar. Pero obviamente, a xustiza, que está ao servizo dos poderosos non o vai a facer. Por iso debemos ser nós, en base á nosa forza e mobilización, os que denunciemos esta situación e paremos as continuas agresións que sufrimos.

Esta loita é a mesma que a dos nosos pais por un presente e un futuro dignos. Por iso o Sindicato de Estudantes loitou na folga xeral do pasado 29 de Setembro xunto a todos os traballadores contra unha reforma laboral que facilita o despedimento e recorta os nosos dereitos laborais, contra os plans de axuste que recortan os orzamentos da educación e sanidade públicas e contra o aumento da idade de xubilación que persegue que esteamos traballando ata o último día das nosas vidas.

- **Pola unidade de todos os mozos en defensa dos nosos dereitos.**
- **Nativa ou estranxeira, a clase obreira e a mocidade temos os mesmos problemas e os mesmos intereses.**

¡ORGANÍZATE CO SINDICATO DE ESTUDANTES E LOITA CONTRA A REPRESIÓN!

www.sindicatodeestudiantes.net

Coruña: 627 704 195 • Ferrol: 678 42 08 88 • Santiago: Rúa Casas Reais nº 8 1er piso
Tlf: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248 • Vigo: 628 001 270

galiza

santiago

vigo

@sindicatodeestudiantes.net